

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
INA	Industrias alimentarias	CMINA03	Elaboración de produtos alimentarios	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0116	Principios de mantemento electromecánico	2023/2024	5	105	105

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ÓSCAR ÁLVAREZ ÁLVAREZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Proxecto de FP dual ., no que se combinarán os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro formativo.

A duración total do módulo é de 105 horas, das cales 100 horas serán no Centro Educativo (CIFP Manuel Antonio de Vigo) e as 5 horas restantes serán de formación na empresa.

As persoas con este perfil profesional exercen a súa actividade en empresas pequenas, medianas ou grandes, con niveis moi diversos tanto na súa tecnoloxía como na súa organización. Son traballadores e traballadoras por conta allea que se integran nun equipo de traballo con persoas do seu mesmo nivel de cualificación, ou inferior, onde desenvolven tarefas individuais e en grupo nas áreas funcionais de recepción de materias primas e materiais, preparación e manexo de equipamentos de produción, control de operacións de elaboración, envasamento e embalaxe, apoio ao control de calidade, almacenamento e expedición de produtos acabados.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Elaborador/ora de produtos alimentarios.
- Operador/ora de máquinas e equipamentos para o tratamento e a elaboración de produtos alimentarios.
- Operador/ora e controlador/ora de liñas de envasamento e embalaxe.
- Recepcionista e almaceneiro/a.
- Subministrador/ora de materias primas e materiais ás liñas de produción.
- Dosificador/ora.
- Supervisor/ora de liña.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Formación en empresa.	Formación curricular que se adquirirá na empresa.	5	5
2	Identificación de elementos básicos		24	23
3	Elementos das instalacións pneumáticas		20	19
4	Elementos das instalacións hidráulicas		20	19
5	Elementos das instalacións eléctricas		20	19
6	Técnicas de mantemento de primeiro nivel		16	15

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Formación en empresa.	5

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica os elementos mecánicos de equipamentos, máquinas e instalacións, e describe a súa función e a súa influencia no conxunto.	NO
RA6 - Aplica o mantemento de primeiro nivel tendo en conta a relación dos procedementos utilizados cos equipamentos e coas instalacións implicadas.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.6 Identifícanse as propiedades e as características dos materiais empregados nos mecanismos.
CA1.7 Identifícanse as partes ou os puntos críticos dos elementos e das pezas onde poidan aparecer desgastes, e razoáronse as súas causas.
CA1.8 Analizáronse as medidas de prevención e seguridade para ter en conta no funcionamento dos elementos mecánicos.
CA6.1 Descríbense os procedementos de cada operación de mantemento de primeiro nivel (básico) que haxa que realizar sobre os equipamentos.
CA6.2 Identifícanse os elementos sobre os que cumpra realizar as operacións de mantemento preventivo ou correctivo de primeiro nivel.
CA6.3 Indicáronse as avarías máis frecuentes nos equipamentos e nas instalacións.
CA6.4 Identifícanse os equipamentos e as ferramentas necesarias para realizar os labores de mantemento de primeiro nivel.
CA6.5 Determináronse as condicións requiridas da área de traballo para intervencións de mantemento.
CA6.6 Puxéronse en marcha motores eléctricos, ou inverteuse o sentido de xiro, e medíronse as magnitudes fundamentais durante o proceso.

Criterios de avaliación
CA6.7 Aplicáronse técnicas de mantemento ou substitución de elementos básicos nos equipamentos e nas instalacións.
CA6.8 Rexistráronse no soporte acaído as operacións de mantemento realizadas.

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Normas de prevención e seguridade no manexo de elementos mecánicos.</p> <p>Valoración do desgaste dos elementos mecánicos: lubricación e mantemento preventivo.</p> <p>Operacións de mantemento preventivo: limpeza de filtros, cambio de discos cegos, aperto de pechamentos, acondicionamento de balsas, limpeza de acendedores, engraxamentos, purgas e revisións regulamentarias.</p> <p>Operacións de mantemento correctivo (substitución de elementos).</p> <p>Normativa sobre instalacións eléctricas (REBT) e de prevención de riscos laborais.</p>

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Identificación de elementos básicos	24

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica os elementos mecánicos de equipamentos, máquinas e instalacións, e describe a súa función e a súa influencia no conxunto.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os mecanismos principais dos grupos mecánicos dos equipamentos e das instalacións.

Criterios de avaliación
CA1.2 Describiuse a función e as características técnicas básicas dos elementos mecánicos.
CA1.3 Descríbense os elementos mecánicos transmisores e transformadores do movemento, e recoñeceuse a súa presenza nos equipamentos de proceso.
CA1.4 Clasifícanse os elementos mecánicos en función da transformación que realizan.
CA1.5 Descríbense as relacións funcionais dos elementos e das pezas dos grupos.
CA1.6 Identifícanse as propiedades e as características dos materiais empregados nos mecanismos.
CA1.7 Identifícanse as partes ou os puntos críticos dos elementos e das pezas onde poidan aparecer desgastes, e razoáronse as súas causas.
CA1.8 Analizáronse as medidas de prevención e seguridade para ter en conta no funcionamento dos elementos mecánicos.

4.2.e) Contidos

Contidos
<p>Materiais: comportamento e propiedades dos principais materiais dos equipamentos e das instalacións.</p> <p>Nomenclatura e siglas de comercialización.</p> <p>Cinemática e dinámica das máquinas.</p> <p>Elementos mecánicos transmisores do movemento: descrición, funcionamento, simboloxía e mantemento de primeiro nivel.</p> <p>Elementos mecánicos transformadores do movemento: descrición, funcionamento e simboloxía.</p> <p>Elementos mecánicos de unión: descrición, funcionamento e mantemento de primeiro nivel.</p> <p>Elementos mecánicos auxiliares: descrición, funcionamento e mantemento de primeiro nivel.</p> <p>Normas de prevención e seguridade no manexo de elementos mecánicos.</p> <p>Valoración do desgaste dos elementos mecánicos: lubricación e mantemento preventivo.</p>

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Elementos das instalacións pneumáticas	20

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Recoñece os elementos que interveñen nas instalacións pneumáticas, e analiza a súa función e a súa influencia no conxunto da instalación.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Descríbense os usos da pneumática como técnica de aplicación do aire comprimido.
CA2.2 Defínense as propiedades do aire comprimido.
CA2.3 Identifícanse os circuitos de produción e tratamento do aire comprimido, e descríbense as misións dos seus elementos principais.
CA2.4 Identifícanse as redes de distribución do aire comprimido e os seus elementos de protección.
CA2.5 Identifícanse os elementos pneumáticos de regulación e control, e recoñeceuse a súa presenza nas instalacións.
CA2.6 Descríbense os elementos pneumáticos de accionamento ou de traballo, e identifícase a súa presenza en equipamentos de proceso.
CA2.7 Descríbase o funcionamento de esquemas de circuitos pneumáticos simples manuais, semiautomáticos e automáticos.
CA2.8 Enuméranse as anomalías máis frecuentes das instalacións pneumáticas e as súas medidas correctoras.
CA2.9 Valorouse a utilidade do aire comprimido na automatización dos procesos do sector.

4.3.e) Contidos

Contidos
Circuitos de produción e tratamento do aire comprimido: descrición, elementos, funcionamento, simboloxía, mantemento e medidas de seguridade.
Redes de distribución do aire comprimido: características e materiais construtivos, mantemento e medidas de seguridade.
Elementos pneumáticos de regulación e control: descrición, funcionamento, simboloxía, mantemento e medidas de seguridade.
Elementos pneumáticos de accionamento ou actuadores: descrición, funcionamento, simboloxía, mantemento e medidas de seguridade.
Lectura dos esquemas de circuitos pneumáticos manuais, semiautomáticos e automáticos.
Uso eficiente do aire comprimido nos procesos do sector.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Elementos das instalacións hidráulicas	20

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Recoñece os elementos das instalacións hidráulicas e describe a súa función.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Descríbense os sistemas hidráulicos como medios de produción e transmisión de enerxía.
CA3.2 Enumeráronse os principios físicos fundamentais da hidráulica.
CA3.3 Enumeráronse os fluídos hidráulicos e as súas propiedades.
CA3.4 Relacionáronse os elementos hidráulicos coa súa simboloxía.

Criterios de avaliación
CA3.5 Identificouse a unidade hidráulica e os seus elementos funcionais e de protección.
CA3.6 Relacionáronse os elementos hidráulicos de traballo co tipo de mantemento que cumpra realizar.
CA3.7 Describiuse o funcionamento de esquemas de circuitos hidráulicos simples.
CA3.8 Valoráronse as vantaxes e os inconvenientes do emprego de instalacións hidráulicas na automatización de proceso do sector.
CA3.9 Citáronse as anomalías máis frecuentes das instalacións hidráulicas e as súas medidas correctoras.

4.4.e) Contidos

Contidos
Unidade hidráulica: fundamentos, elementos, funcionamento, mantemento de primeiro nivel e medidas de seguridade.
Elementos hidráulicos de distribución e regulación: descrición, funcionamento, simboloxía, mantemento e medidas de seguridade.
Elementos hidráulicos de traballo: descrición, funcionamento, simboloxía e mantemento.
Lectura de esquemas de circuitos hidráulicos.
Impacto ambiental das instalacións hidráulicas.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Elementos das instalacións eléctricas	20

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Identifica os elementos das instalacións eléctricas e describe a súa misión no conxunto da instalación.	SI
RA5 - Identifica as máquinas eléctricas e os elementos construtivos que interveñen no acoplamento dos equipamentos industriais do sector, e describe o seu funcionamento e as súas aplicacións	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Describiuse a estrutura básica das instalacións eléctricas de interior.
CA4.2 Recoñecéronse os elementos de protección, manobra e conexión dos circuitos eléctricos.
CA4.3 Relacionouse o funcionamento de instalacións eléctricas aplicadas aos equipamentos industriais co seu esquema unifilar.
CA4.4 Relacionáronse os elementos de protección e manobra co correcto funcionamento e a protección das instalacións eléctricas aplicadas aos equipamentos do sector.
CA4.5 Calculáronse magnitudes eléctricas (tensión, intensidade, potencia e caída de tensión, etc.) en instalacións básicas aplicadas do sector.
CA4.6 Verificouse a aplicación das instrucións técnicas do REBT nas instalacións eléctricas aplicadas do sector.
CA4.7 Recoñecéronse os elementos eléctricos de control e manobra, así como a súa función.
CA4.8 Relacionáronse as características eléctricas dos dispositivos de protección coas liñas e os receptores eléctricos que deban protexer.
CA4.9 Describíronse as condicións de seguridade e prevención que cumpra aplicar na manipulación dos compoñentes eléctricos e electrónicos.
CA5.1 Identificáronse as máquinas eléctricas utilizadas nos equipamentos e nas instalacións do sector.
CA5.2 Clasificáronse as máquinas eléctricas pola súa tipoloxía e a súa función.
CA5.3 Describiuse o funcionamento e as características das máquinas eléctricas, así como a súa aplicación no sector.
CA5.4 Relacionouse a información da placa de características coas magnitudes eléctricas e mecánicas da instalación.
CA5.5 Representouse mediante a súa simboloxía o esquema de conexión (arranque e inversión de xiro) das máquinas eléctricas e as súas proteccións.
CA5.6 Relacionouse o consumo das máquinas co seu réxime de funcionamento de baleiro e carga, e as súas proteccións eléctricas.
CA5.7 Verificouse a aplicación das instrucións técnicas do REBT nas instalacións de alimentación das máquinas eléctricas.
CA5.8 Identificáronse os sistemas de acoplamento das máquinas eléctricas nos equipamentos industriais do sector.

Criterios de avaliación

CA5.9 Relacionáronse os sistemas de suxeición das máquinas eléctricas ao equipamento (tipo de movemento, potencia de transmisión, ruído, vibracións, etc.).

CA5.10 Describíronse as condicións de seguridade e prevención que se deben aplicar na manipulación dos circuitos e das máquinas eléctricas en funcionamento.

4.5.e) Contidos
Contidos

Sistema eléctrico. Corrente trifásica e monofásica.

Magnitudes eléctricas fundamentais: definición e unidades.

Relacións fundamentais. Cálculo de magnitudes básicas das instalacións.

Elementos de control e manobra de circuitos eléctricos: descrición, simboloxía e funcionamento.

Elementos de protección de circuitos eléctricos: descrición, simboloxía e funcionamento.

Normativa sobre instalacións eléctricas (REBT) e de prevención de riscos laborais.

Máquinas eléctricas estáticas e rotativas: tipoloxía e características.

Clasificación das máquinas eléctricas: xeradores, transformadores e motores.

Partes construtivas. Funcionamento.

Placa de características. Calculo de magnitudes das instalación de alimentación e arranque das máquinas.

Acoplamentos e suxeicións das máquinas aos seus equipamentos industriais.

Normativa sobre instalacións eléctricas (REBT) e de prevención de riscos laborais.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Técnicas de mantemento de primeiro nivel	16

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Aplica o mantemento de primeiro nivel tendo en conta a relación dos procedementos utilizados cos equipamentos e coas instalacións implicadas.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Descríbense os procedementos de cada operación de mantemento de primeiro nivel (básico) que haxa que realizar sobre os equipamentos.
CA6.2 Identifícanse os elementos sobre os que cumpra realizar as operacións de mantemento preventivo ou correctivo de primeiro nivel.
CA6.3 Indícanse as avarías máis frecuentes nos equipamentos e nas instalacións.
CA6.4 Identifícanse os equipamentos e as ferramentas necesarias para realizar os labores de mantemento de primeiro nivel.
CA6.5 Determináronse as condicións requiridas da área de traballo para intervencións de mantemento.
CA6.6 Puxéronse en marcha motores eléctricos, ou inverteuse o sentido de xiro, e medíronse as magnitudes fundamentais durante o proceso.
CA6.7 Aplicáronse técnicas de mantemento ou substitución de elementos básicos nos equipamentos e nas instalacións.
CA6.8 Rexistráronse no soporte acaído as operacións de mantemento realizadas.
CA6.9 Descríbense as operacións de limpeza, engraxamento e comprobación do estado da instalación e dos equipamentos no mantemento de primeiro nivel.
CA6.10 Analizouse a normativa sobre prevención e seguridade relativa ao mantemento de equipamentos e instalacións.

4.6.e) Contidos

Contidos
Operacións de mantemento preventivo: limpeza de filtros, cambio de discos cegos, aperto de pechamentos, acondicionamento de balsas, limpeza de acendedores, engraxamentos, purgas e revisións regulamentarias.
Operacións de mantemento correctivo (substitución de elementos).

Contidos

Normativa sobre instalacións eléctricas (REBT) e de prevención de riscos laborais.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos esixibles son contidos asociados ós criterios de avaliación considerados como tales en cada unidade didáctica:

Criterios de avaliación:

A avaliación do alumno realizarase de forma continuada ó longo de tódalas sesións teórico-prácticas, valorándose aspectos como a participación, a actitude, traballos de elaboración individual ou conxunta solicitados, asistencia e puntualidade. Así mesmo ó remate de cada Unidade Didáctica proporase un exame teórico-práctico dos contidos da mesma, para facilitar ó alumnado a asimilación de contidos.

A valoración do módulo realizarase mediante esta escala:

- TRABALLOS INDIVIDUAIS E COLECTIVOS 10% (1 punto): Onde se inclúen os traballos propostos, valorandose a nota media aritmética dos mesmos. É imprescindible entregar os traballos en tempo e forma e o contido debe axustarse ó requerido polo profesor para a súa elaboración, para poder ser avaliado.
- PROBAS TEÓRICAS 60% (6 puntos): que incluírán os contidos impartidos nas UD, o exame proporá cuestións teóricas dos contidos vistos (preguntas tipo test, preguntas cortas, identificación de imaxes, exercicios, etc), sendo necesario acadar unha nota global media de 5.
- PROBAS PRÁCTICAS 30% (3 punto): que incluírán os contidos impartidos nas UD, o exame proporá cuestións teóricas dos contidos vistos (preguntas tipo test, preguntas cortas, identificación de imaxes, exercicios, etc) e prácticas realizadas na Aula Piloto, sendo necesario acadar unha nota global media de 5.

A nota de cada avaliación será correspondente da media ponderada das Unidades Didácticas avaliadas. A nota final do curso será a media ponderada de todas as unidades didácticas.

Para equiparar o sistema de puntuación co dispoñible no XADE a puntuación acadada por cada alumno transformarase a unha escala numérica do 1 o 10, considerase superado o trimestre e o módulo de ser o caso, cando os alumnos acaden un 5 na valoración global.

No caso de non superar a avaliación continuada disporán dunha proba teórico-práctica (examen final) na avaliación final que recolla o contido de todas as UD. Os alumnos/as deberán sacar a lo menos un 5 para superar o módulo.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Os resultados das avaliacións permitirán confeccionar as actividades de recuperación e valorar a eficacia dos recursos e metodoloxía empregados.

Para os alumnos ou alumnas que non acadaron unha avaliación positiva por non obter como mínimo un 5 sobre 10 na proba escrita teórica e/ou práctica estableceranse uns mecanismos de recuperación específicos segundo os erros ou carencias dos mesmos, que seguirán as seguintes liñas xerais:

- Actividades de resposta de cuestións e traballos escritos durante o período de recuperación.
- Nova proba escrita coa que se avaliará a consecución dos resultados de aprendizaxe.

Para os alumnos ou alumnas que non conseguiron una avaliación positiva por non obter como mínimo un 5 sobre 10 na avaliación do traballo: Deberán repetir o traballo

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Por tratarse dun ciclo formativo en réxime Dual, cando as faltas de asistencia inxustificadas do alumno alcancen o 10% da duración do módulo no centro educativo, quedaría excluído do programa Dual, de acordo coa normativa aplicable, en particular, a RESOLUCIÓN do 6 de xullo de 2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2023/24.

Segundo o artigo 14 da Orde do 14 de xuño de 2018, para poder continuar no proxecto de formación profesional dual o alumnado seleccionado deberá superar a totalidade dos módulos profesionais do ciclo formativo correspondente, previstos para cada curso académico segundo o plan de formación que se establece no anexo III desta orde. Non obstante, poderase continuar sen cumprir o anterior requisito por razóns debidamente motivadas e con autorización da Dirección Xeral de Formación Profesional.

Así mesmo, o alumnado será excluído do proxecto de formación dual nos seguintes casos:

i) Durante o período de formación no centro educativo, de acordo coas normas de organización, funcionamento e convivencia aprobadas polo centro docente, por faltas repetidas de asistencia e/ou puntualidade non xustificadas que poidan derivar nunha falta de aproveitamento das ensinanzas tanto no centro educativo como posteriormente na empresa.

ii) Durante o período de formación na empresa:

Por faltas repetidas de asistencia e/ou puntualidade non xustificadas.

Por actitude incorrecta, atendendo ao código disciplinario da empresa, ou por falta de aproveitamento.

Para o alumnado con contrato para a formación en alternancia, pola extinción do contrato por calquera das causas que se establecen no artigo 49 do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto 2/2015, do 23 de outubro.

Outras circunstancias que figuren no convenio suscrito entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a entidade colaboradora correspondente.

De darse unha situación de gravidade alta nas faltas, poderíase tomar a decisión de exclusión do alumnado da realización das prácticas na empresa, por non acadaren os mínimos exixibles.

No caso que se considere a posibilidade de permanencia no programa Dual, aquel alumnado que teña inxustificadas o 10% das faltas dun módulo, fará as prácticas na empresa e deberá presentarse á proba extraordinaria de Setembro.

A proba extraordinaria de Setembro constará dunha parte teórica e/ou outra práctica, que englobarán todos os CA's pendentes.

A cualificación das probas terá un valor entre 1 e 10 puntos e á cualificación de cada unha das partes aplicaráselle a porcentaxe reflectida nos criterios de cualificación indicados no apartado anterior para o cálculo da nota final (a porcentaxe asignada ás actividades de traballo e equipo na aula sumarase á parte que corresponda en cada caso).

É preciso obter en cada unha das probas unha puntuación mínima de 5 puntos para aplicar as porcentaxes e calcular a nota final.

No caso da FEM, a empresa poderá emitir un informe de exclusión para aquel alumnado que non acade os mínimos exixibles, de acordo coa normativa vixente.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Realizarase un rexistro semanal das actividades realizadas.

O seguimento da programación realizarase facendo un seguimento de cada unidade didáctica anotando as datas de inicio, e ó finalizar cada unidade didáctica, a data de finalización e as sesións realizadas, verificándose se se corresponden coas sesións programadas e estableceranse propostas xerais de mellora se é o caso.

Realizarase ademáis un seguimento das actividades de cada unidade onde se anotarán as sesións realizadas e as propostas xerais de mellora se é o caso.

A avaliación da práctica docente farase a través de enquisas ó alumnado

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A atención á diversidade do alumnado é necesaria. Ademais, como parte da atención á diversidade haberá que atender ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Recolleranse datos dos alumnos mediante un cuestionario inicial que se lles realizará para detectar necesidades específicas de apoio educativo no caso de existir.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

As medidas de reforzo permitirán ós alumnos ou alumnas que non asimilaron suficientemente os contidos alcanzar os mesmos obxectivos que o resto do grupo.

Dende o momento en que un alumno ou alumna suspenda unha avaliación, estableceráselle un plan de reforzo, mediante actividades de reforzo con explicacións pomenorizadas nas unidades de todo o curso.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Neste módulo a educación en valores traballarase en diferentes unidades:

Traballarase a igualdade de xénero, a solidariedade, a tolerancia, a non discriminación e a a resolución pacífica de conflitos nas actividades que se realicen en grupo, tales como os traballos ou as prácticas.

Traballarase a valoración da saúde propia, nas diferentes unidades, cando manexan equipos da planta piloto e cando realizan operacións de mantemento tendo en conta a seguridade e a prevención de riscos laborais.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

-Realizaranse visitas a empresas de mantemento industrial.

-Realizaranse charlas e ponencias vía on-line ou presenciais con profesionais do sector da industria alimentaria

10. Outros apartados

10.1) Tarefas transversais a tódolos módulos

Nalgunhas prácticas da Aula Piloto, realizaranse tarefas que afectarán a tódolos módulos de forma transversal:

- Elaboración de embutidos curados:
- Elaboración e envasado de conservas vexetais.

Nestas actividades prácticas, Os alumnos aprenden, de forma transversal , os contidos das unidades didácticas de tódolos módulos.